

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 29 DE MAIO DE 2019

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e nove de maio deste ano, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa en funcións, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras en funcións: D.^a ANA PRIETO NIETO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ (incorpórase á sesión no punto número 2/336 da orde do día), D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, D.^a ROSANA RIELO ROZAS e D. MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE E PERSOAL

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para construción de edificación auxiliar anexa a vivenda, como reforma e ampliación de vivenda unifamiliar con licenza 45/18, para destinalo a garda de animais domésticos (non máis de cinco porcos), no núcleo rural tradicional de Farxocos, número 28, parroquia de Santa María de Bóveda; para remate e reforma das obras de edificio en construción con licenza 899/06, ampliación en soar lindeiro para edificio de vivendas composto de tres plantas de soto para garaxes nos soares dous e catro da rúa Nicomedes Pastor Díaz, planta baixa, que é planta semisoto á ronda da Muralla para locais, accesos e garaxes, cinco plantas altas e aproveitamento baixo cuberta no número dous da rúa Nicomedes Pastor Díaz como ampliación de planta baixa, tres plantas altas e aproveitamento baixo cuberta á ronda da Muralla, para un total de nove vivendas e cinco plantas altas no número catro, con portal independente, para cinco vivendas, na unidade edificatoria: 320201 sita na ronda Muralla, 49, esquina rúa Nicomedes Pastor Díaz, dous e catro; para demolición de muro existente e construción dun novo para peche de patio de xogos, na rúa Santiago, número 2; para instalación de ascensor no edificio de vivendas con licenza 240/1966, sito no barrio Sagrado Corazón, número 12; para modificación de fachada consistente en apertura de ocios na planta baixa dun edificio de vivendas existente na rúa Xosé Ferro Cóengo, número 8, baixo e para revestimento de fachadas con perpiaños de granito, como obras de conservación e mantemento de edificación existente para vivenda unifamiliar con licenza 527/83 e 512/84, sita na Louzaneta, número 13.

Acórdase aprogar a solicitude de solicitude de excepcionalidade do cumprimento das condicións do decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 19extractoxg24

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-5-2019

aproban as normas de habitabilidade en Galicia, para a actuación de instalación de ascensor no edificio sito na rúa do Prado, número 5.

Tamén se acorda aprobar a solicitude de excepcionalidade do cumprimento das condicións do decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade en Galicia, para a actuación de instalación de ascensor no edificio sito na rúa Cornubia, número 10.

2. XESTIÓN.- Acórdase a aprobación definitiva do proxecto de urbanización polígono 1, sector II Sunp 'IN-G' (UZPI-2.I), Concello Lugo.

3. PERSOAL.- Acórdase aprobar o informe proposta do Servizo de Persoal de modificación do complemento específico de funcionarios da Policía Local, por pasar a prestar servizo en quendas de traballo día/noite.

ÁREA DE GOBERNO DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a declaración de caducidade na obra de substitución do céspede artificial no campo de fútbol municipal da Cheda (Exp. Ref. 2018-38) e expediente de imposición de penalidades así como unha consulta á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Galicia.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

- Informe-proposta selección de traballadores e traballadoras de acordo coa subvención para a contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación de risco de exclusión social perceptoras da Risga.

Asinado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes e Concelleiro Secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, Miguel Fernández Méndez.